

Acto informativo do MGSM con motivo do Día Mundial de Prevención do Suicidio

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2015. O Movemento Galego da Saúde Mental, co gallo do Día Mundial de Prevención do Suicidio, reclama visibilizar este **grave** problema de saúde pública, desconsiderado na súa importancia, que sofre o estigma e a ignorancia prexuízosa sobre as súas causas, características e posibilidades de prevención.

En Galicia o problema é especialmente grave, cunhas cifras crecentes, taxas moi elevadas, sendo uns tristes líderes deste tipo de mortes no conxunto do Estado e malia iso, cun descoñecemento do fenómeno, agravada pola actitude que elude as responsabilidades por parte da Administración pública.

A pesar de estar diante dun asunto de tal magnitude, non se menciona na avaliación da Estratexia SERGAS 2014 nin nas memorias da Dirección Xeral de Saúde Pública. **Non existe plan para o suicidio en Galicia**, pero é que tampouco existe plan de saúde mental. Nun contexto de crise económica e cos graves recortes na cobertura social, especialmente co deterioro da rede de atención á saúde mental, agrávanse os factores de risco.

Desde o MGSM consideramos que o goberno sanitario (Consellería de Sanidade e SERGAS) non está a cumprir coa súa finalidade e a súa obriga nesta cuestión. Son anos perdidos e agravados desde que se instalou o actual goberno, tanto en saúde mental como en prevención do suicidio (a única iniciativa crible de prevención, en Ourense, foi implantada durante o goberno bipartito).

As propostas da plataforma enmárcanse nas recomendacións que realiza a Organización Mundial da Saúde, e comezando por asumir a gravidade da situación na que nos atopamos, a existencia de eficacia preventiva e a urxencia da resposta ao problema do suicidio en Galicia. Para isto, cómpre elaborar o **Plan Galego sobre o Suicidio**, acorde coas orientacións da OMS e no seu marco, de carácter multisectorial, liderado pola Consellería de Sanidade e asumida a súa responsabilidade pola Dirección Xeral de Saúde Pública. Este plan ten que ser concibido como un plan de saúde pública e artellado co Plan de Saúde Mental, cun carácter prioritario e dotado cos recursos acordados á gravidade do problema de saúde, e implicando tamén á comunidade.

Tamén cómpre crear **comisións clínico-asistenciais** en cada Xerencia de Área, multiprofesionais e multisectoriais, coa misión de coñecer e estudar a realidade das tentativas e dos suicidios consumados, á vez que elaborar propostas de intervención e protocolos orientados polos datos, as evidencias de eficacia e os funcionamentos propios da cada Área.

Entre tanto, chamamos a soster información institucional sobre esta cuestión de cara a sensibilizar e desestigmatizar o suicidio, mellorar o coñecemento sobre el en atención primaria e aproveitar a súa capacidade para explorar o risco, avalialo e realizar actuación preventiva. Cómpre desenvolver canto antes protocolos específicos de atención a persoas con conduta suicida e a afectados por suicidio consumado, garantir a prioridade no acceso a recursos asistenciais para as persoas en risco, incrementar o seu seguimento e intensificar a atención sanitaria e social no seu caso. É preciso, así mesmo, flexibilizar o acceso e o funcionamento dos recursos.

É responsabilidade todos modificar isto, para que un día saibamos porque nos suicidabamos máis en Galicia que noutros lugares. A persoa que se suicida non quere sufrir, non quere seguir vivindo na situación na que está. A morte é a única solución que atopa ao sufrimento e a desesperanza. Debemos lograr que a persoa fale con outros, para gañar tempo, para explorar outras solucións, para pedir axuda, para recibir apoio.

DATOS

A nivel mundial:

- En 2012 morreron no mundo por suicidio 804.000 persoas (11,4/100.000; 8/100.000 mulleres e 15/100.000 homes).
- É a nivel mundial a causa do 50% de todas as mortes violentas entre homes, e o 71% entre mulleres.
- Un intento previo de suicidio é o factor de risco mais importante.

A nivel estatal (fonte: INE):

- Principal causa externa de morte.
- Taxa 8,3/100.000. A taxa máis alta nos últimos trece anos.
- En 2013 alcanzou a maior cifra desde que se fan estatísticas (3.870), o dobre de mortes que en accidentes de tráfico.
- Taxa crecente, aumenta mais no grupo novos (10 a 24 anos), con 185/2013 (incremento de 59,40% de 2011 a 2013, e entre 45 e 64 anos, con 1.456/2013 e incremento de 39,2% de 2011 a 2013).

A nivel galego (fonte: IMELGA):

- En 2013 morreron por suicidio 333 persoas, o que dá unha taxa 12,03/100.000 habitantes.
- No 2014 foron 394, o que significa unha taxa de 14,24/100.000 habitantes.
- Taxa por provincias: Lugo 16,82; A Coruña 15,18; Pontevedra 14,20; Ourense 9,15.
- No ano 2000 morreran 293 persoas; no 2014 son 394.

Se desexan ampliar información poden contactar co Movemento Galego da Saúde Mental:

Eliana Martínez | 699 908 968 | comunicacion@copgalicia.org | www.movimentogalegodasaudemental.gal